



ORIXE: A12X00118 - SERVIZO TERRITORIAL DE INSPECCIÓN EDUCATIVA

ASUNTO: OFERTA POSTOS ESCOLARES CURSO 2019/2020 - IES LUCUS AUGUSTI

DATA: 28 febreiro 2019

O artigo 2 do DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26 de decembro de 2012), establece, no seu apartado 2: ***“A consellería competente en materia de educación realizará a programación xeral e a oferta anual de prazas escolares tendo en conta a oferta existente de centros públicos e privados concertados e, como garantía de calidade da educación, realizará unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo”.***

O artigo 3 da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15 de marzo de 2013), establece, no seu apartado 1: ***“A persoa titular da xefatura territorial, por proposta da dirección dos centros públicos e da titularidade dos centros privados concertados, determinará o número de postos escolares vacantes en cada centro, de acordo coa planificación previamente elaborada e a capacidade deste, así como co establecido no seu réxime de autorización e o número de unidades concertadas no caso dos centros privados concertados”.*** Asemade establece, no seu apartado 2: ***“En todo caso para escolarizar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, deberá reservar tres postos escolares por unidade, nos seguintes cursos: 4º de educación infantil, 1º de educación primaria e 1º de educación secundaria obrigatoria”.***

De acordo con isto e unha vez analizada a proposta formulada por VD.

RESOLVO

Determinar o número de postos escolares vacantes nese centro para o curso 2019/2020:

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
36 *	23	10	24	86	30

*** Destes, reservaranse 12 postos escolares en 1º de ESO para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

A Xefa Territorial

P.S. A Xefa do Servizo de Recursos Humanos

(Decreto 138/2018 do 8 de novembro, DOG 16/11/2018)

Asdo.: Silvia Cereijo Villares

SR. DIRECTOR DO IES LUCUS AUGUSTI, DE LUGO.